



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Community Nursing I	Code	750G01014		
Study programme	Grao en Enfermaría				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Rodriguez Maseda, Emma	E-mail	emma.rodriguez.maseda@udc.es		
Lecturers	Rodriguez Maseda, Emma	E-mail	emma.rodriguez.maseda@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
General description	Esta asignatura pretende proporcionar ferramentas para promover a saúde a nivel individual, familiar e comunitario, e para familiarizar aos estudantes co método epidemiolóxico, e que poidan utilizalo como instrumento de traballo na análise, planificación e realización das súas actividades de coidado enfermeiro (de promoción e prevención, diagnósticas, e de investigación).				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A31	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde mais relevantes nunha comunidade.
A32	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos poblacionais, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
A33	Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences		
Comprender o concepto de saúde e identificar e analizar os factores determinantes da saúde (biolóxicos, ambientais, estilos de vida, e sistemas sanitarios).	A29 A30	B1 B16 B20	C8 C10 C11 C12
Describir a evolución histórica da saúde pública e a enfermaría comunitaria	A30 A33	B3 B6 B24	C6
Desenvolver habilidades para identificar, analizar e interpretar datos estadísticos referidos a estudos poblacionais.	A31 A32	B1 B20	C4 C6 C8 C11 C12
Describir as características e os obxetivos dos distintos tipos de estudos epidemiolóxicos. Técnicas e instrumentos de recollida de datos.	A31 A32	B1 B3 B6 B10	C4 C8 C11
Describir a epidemioloxía das enfermidades transmisibles e non transmisibles na comunidade.	A29 A30 A31 A32		C10

Contents	
Topic	Sub-topic
A SAUDE E OS SEUS FACTORES DETERMINANTES	<ul style="list-style-type: none"> - Aproximacións ao concepto de saúde - Factores determinantes da saúde: <ul style="list-style-type: none"> Biolóxicos Ambientais Estilo de vida Sistema sanitario - Repercusion na saúde individual, familiar e comunitaria
FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E XERALIDADES DA SAUDE PÚBLICA E ENFERMARÍA COMUNITARIA	<ul style="list-style-type: none"> - Concepto e funcións da saúde pública. A saúde pública en España. - Funcións e actividades da Saúde pública: <ul style="list-style-type: none"> --- A promoción da saúde e a súa axenda internacional. Papps --- A prevención da enfermidade. Niveis e tipos. - Da enfermaría de saúde pública a enfermaría comunitaria. Situación actual. - As enfermeiras especialistas en enfermaría comunitaria. - A enfermeira comunitaria de enlace. Conecta 72. - A comunidade como suxeito de atención da enfermeira comunitaria. - O diagnóstico de saúde na comunidade e a planificación sanitaria para enfermeiros comunitarios.
DEMOGRAFIA SANITARIA	<ul style="list-style-type: none"> - Estadísticas demográficas. - Poboacións e modelos de crecemento. - Interese para os profesionais de enfermaría comunitaria.



EPIDEMIOLOXIA CLÍNICA	<p>- Epidemioloxía de saúde pública. Método epidemiolóxico e aplicacións da epidemioloxía. Vixancia epidemioloxica</p> <p>- Coidados de enfermaría baseados na evidencia.</p> <p>- Epidemioloxía aplicada aos problemas de saúde máis prevalentes. Interese para os profesionais de enfermaría.</p>
-----------------------	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A30 B1	1.5	1	2.5
Guest lecture / keynote speech	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B16 B20 B24 C6 C8	19.5	29.25	48.75
Workbook	A30 A32 A33 B3 B16 C4 C8	10	12.75	22.75
Supervised projects	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 C4 C6 C8 C10 C11 C12	11	33	44
Objective test	A29 A30 A31 A32 A33 B16 B20 B24 C10 C11 C12	2	20	22
Personalized attention		10	0	10

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Actividades iniciais dirixidas a que o alumno dispoña de información organizada sobre a súa propia saúde e o seu estilo de vida, a fin de poder utilizala como unha liña de base sobre a que articular o proceso de ensino aprendizaxe.
Guest lecture / keynote speech	Sesións utilizadas para introducir os novos temas ou subtemas, axudando ao alumno a articular-los en torno ao coñecemento do que xa dispón, poñendo atención nos aspectos claves do tema, como en aqueles de máis difícil comprensión, e nas mellores estratexias para aborda-los. Esta metodoloxía poderase realizar utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre profesorado e alumnado.
Workbook	Textos que permiten afondar nos contidos da materia, ou coñecer aspectos novidosos que non se atopan regularmente nos libros de referencia dos que dispomos. - Unha parte desta metodoloxía poderase realizar utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre profesorado e alumnado.
Supervised projects	Traballo dirixido a aprender o xeito en que se realizan determinados aspectos do coidado para a saúde ou cómo se utilizan os coñecementos, instrumentos ou ferramentas de que dispomos para facilitar o proceso. - Unha parte desta metodoloxía poderase realizar utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre profesorado e alumnado.
Objective test	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acada os obxetivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc...

Personalized attention	
Methodologies	Description



Supervised projects	Atención persoalizada que se proporcionará a demanda do alumnado a fin de que éste poida seguir con aproveitamento o ritmo de aprendizaxe do grupo. É de especial interese para guiar o estudo daqueles alumnos e alumnas que non participan regularmente na aula.
---------------------	--

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Objective test	A29 A30 A31 A32 A33 B16 B20 B24 C10 C11 C12	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumnado alcanza os obxectivos da materia, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, curtas, de asociación, etc. Realizarase unha proba obxectiva sobre os contidos relativos a: A saúde e os seus determinantes/Fundamentación teórica e xeneralidades da Saúde pública e a Enfermaría comunitaria 20% Demografía e estatísticas de poboación/ Epidemioloxía xeral e clínica 30%	50
Supervised projects	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 C4 C6 C8 C10 C11 C12	Traballos tutelados individuais o grupais aos que se asignarán 5 puntos (50%) na nota final da materia. Na avaliación seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos e bibliografía. A entrega dos traballos é obrigatoria. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados. A puntuación obtida aplicarase en primeira e en segunda oportunidade só durante o curso académico actual. Ante situacións de plaxio aplicarase o que se recolle na normativa da UDC. Valoraránse as tarefas e exercicios que se soliciten polo Campus Virtual nas seguintes proporcións: Enfermaría comunitaria Lecturas 15% Enfermaría comunitaria Prevención e Promoción 15% Demografía e estatísticas de poboación/ Epidemioloxía xeral e clínica 20%	50

Assessment comments



A metodoloxía de avaliación continua descrita é obrigada para o alumnado de matrícula ordinaria en primeira oportunidade (xuño).

O alumnado que conorra á segunda oportunidade (xullo) poderá elixir o mesmo sistema de avaliación da primeira e conservarse a puntuación dos traballos tutelados en primeira oportunidade (Poderá presentar as actividades académicas pendentes, ou as non superadas, e acudir á proba obxectiva), ou acollerse a un sistema de avaliación de exame único onde cada parte dos contidos achegará o 50% da nota final. (Sen realizar o traballo tutelado).

O alumnado con matrícula a tempo parcial con o sin dispensa académica que lle exima da asistencia a clase poderá acollerse ao sistema de avaliación de exame único tanto na convocatoria de xuño como na de xullo, debendo solicitar esta opción por escrito ao profesorado antes da data oficial de avaliación.

A calificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe a lo menos un 9, con preferencia para as calificacións de 10. O profesorado poderá dirimir quen obtén esta calificación utilizando a tal fin o contido do exame e dos traballos tutelados. En caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas, se pode convocar aos aspirantes para a realización de unha proba voluntaria que dirimirá quen obtén a calificación MH ata o máximo de matrículas permitido.

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto lla comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Acinas Acinas et al. (2018). Enfermería Familiar y Comunitaria. Formación Alcalá - Martínez Riera, J.R., Del Pino Casado, R. (2014). Manual práctico de enfermería comunitaria . Elsevier - Icart Isern, M.T., Guàrdia Olmos, J., Isla Pera, P. (2003). Enfermería Comunitaria II. Epidemiología. Barcelona. Ed. Masson. - Fernández-Crehuet Navajas, J., Espigares García, M. (2016). Piédrola Gil, Gonzalo (1907-1996). Medicina preventiva y salud pública. Elsevier - García Suso A., Vera Cortés M., Campo Osaba A. (2001). Enfermería Comunitaria. Bases teóricas.. Madrid. Difusión avances de Enfermería. - Sánchez Moreno A, Aparicio Ramón V, Germán Bes C, Mazarrasa L. (2000). Enfermería Comunitaria. Tomo 1. Madrid. McGraw Hill Interamericana. - Sánchez Moreno, A. (2000). Enfermería Comunitaria 2. Epidemiología y Enfermería. Madrid. McGraw Hill Interamericana - Flores Bienert, M.D., González Cuello, A.M. (2013). Bases de la enfermería comunitaria y educación para la salud. Diego Marin Libro Editor - Campo Osaba, A. (2009). Enfermería comunitaria . Madrid : Difusión Avances de enfermería - Frías Osuna, A. (2002). Salud pública y educación para la salud. Masson - Martín Zurro, A., Jodar Solà, G. (2018). Atención familiar y salud comunitaria : conceptos y materiales para docentes y estudiantes. Barcelona. Elsevier - Ruiz Fernández, M.D. (2020). Manual de enfermería familiar y comunitaria. Primera edición. Almería Editorial. U. de Almería
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Biology/750G01002

Information and Communication Systems in Health Science/750G01004

Bases for the Interpretation of Scientific Knowledge/750G01008

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Community Nursing II/750G01019

Clinical Placement IV/750G01028

Other comments

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?)5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade6.- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas7.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.